



Memoria final do departamento de Francés
Curso 2022-23

IES A Xunqueira II.

Pontevedra.

Asdo. A xefatura de departamento.

D^a/D. M^a de los Ángeles Rúa Opazo





Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de:	7
1. A programación didáctica para o curso seguinte.	7
2. A concreción curricular.	7
4. Funcionamento do departamento.	8
5. Composición do mesmo.	8
6. Temas máis importantes tratados nas reunións.	8
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.	9
Este ano por mor da situación sanitaria non se fixo ningunha actividade complementaria nin extraescolar.	9
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.	9
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.	11
10. Programa CUALE.	





1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.

Durante o curso 2022-23 por motivos diversos, tales coma :excursións actividades extraescolares ou complementarias así como pola introducción de diferentes proxectos segundo o curso , a programación inicial non puido cumprirse totalmente, no referido a temporalización prevista ao inicio de curso(se atendemos a totalidade do libro de texto e sobre todo no referido a elementos morfosintácticos). É certo que os estándares de aprendizaxe imprescindibles foron traballados todos aínda que algún de maneira máis superficial quedando sen traballar en profundidade algún contido sintáctico-discursivo que se poderá retomar no vindeiro curso por tratarse dunha materia de carácter cíclico e continuo.

Ao longo do curso sempre hai moitas sesións nas que non se pode impartir clase, de maneira normal por diversos motivos como charlas de orientación profesional, festivos que sempre coinciden nos mesmos grupos... todas estas actividades interesantísimas para o alumnado reducen o tempo, xa escaso das clases da 2ª lingua estranxeira, imposibilitando tamén que se traballen todos os contidos. Este no de transición retomáronse proxectos e moitas actividades que fomentan o traballo cooperativo e a competencia social e cívica pero que as veces tamén ralentizan a realización das diferentes tarefas.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

Os criterios de avaliación foron os expostos na programación para cada curso (proens nos cursos impares e dixital no resto). Os alumnos foron avaliados a través de probas escritas e orais sen esquecer o traballo diario na clase e na casa, de maneira telemática a través de traballos ou probas, que amosan se o alumnado adquiriu as competencias clave (sobre todo no caso da nosa materia a CLC e a CP) é dicir que cumpre os **estándares de aprendizaxe imprescindibles** mediante a asimilación de contidos e a adquisición de destrezas. Os resultados finais da avaliación foron, en xeral, moi positivos, acadando os obxectivos mínimos da área a maior parte dos alumnos/as, agás unha minoría, ben por ter abandonada a materia ben porque o seu rendemento non foi suficiente. A continuación véxanse as estatísticas dos resultados por cursos na avaliación ordinaria de xuño:

1º da ESO

Curso 18/19:A porcentaxe de aprobados en 1ª lingua é do 41% e en 2ª lingua do 78%

Curso 19/20 :A porcentaxe de aprobados en **1ª lingua** é do 85 % e en **2ª lingua** do 100 %

Curso 20/21: Non temos alumnos en 1ª lingua e en **2ª lingua do 88%**





Curso 21/22: Non temos alumnos en 1ª lingua, e en 2ª lingua **98%**

Curso 22/23: Non temos alumnos en 1ª lingua, en 2ª lingua **80%**

2º da ESO

Curso 18/19: A porcentaxe de aprobados en 1ª lingua é do 73% e en 2ª lingua o 92%.

Curso 19/20: a porcentaxe de aprobados é en 1ª lingua do 100% e en 2ª lingua do 77%.

Curso 20/21: A porcentaxe de aprobados en **1ª lingua** é do **64 %** e en **2ª lingua** o 95%

Curso 21/22: Non temos alumnos de 1ª lingua , en **2ª lingua 93%**

Curso 22/23: Non temos alumnos de 1ª lingua , en **2ª lingua 84%**

3º da ESO

Curso 18/19: A porcentaxe de aprobados en 1ª lingua é do 89% e en 2ª lingua o 87%.

Curso 19/20: A porcentaxe de aprobados en 1ª lingua é do 50 % e en 2ª lingua o 84 %.

Curso 20/21: Non hai grupo en 1ª lingua e a porcentaxe de aprobados é do 96% en 2ª lingua

Curso 21/22: En **1ª lingua** hai o **100%** de aprobados e en 2ª lingua o **93%**

Curso 22/23: En **1ª lingua** hai o **100%** de aprobados e en 2ª lingua o **100%**

4º da ESO

Curso 18/19: A porcentaxe de aprobados en 1ª lingua é do 100% e en 2ª lingua do 85%

Curso 19/20: A porcentaxe de aprobados en **1ª lingua** é do **91%** e en **2ª lingua** do **92%**

Curso 20/21: Non hai grupo en 1ª lingua e a porcentaxe de aprobados en 2ª lingua é do 100%.

Curso 21/22: Non hai alumnos en 1ª lingua , en 2ª lingua a porcentaxe de aprobados é do 100%

Curso 22/23: En 1ª lingua hai un **100%** e tamén en 2ª lingua a porcentaxe de aprobados é do **100%**

1º de bacharelato

Curso 18/19: Neste curso non contamos con grupo en 1ª lingua é en 2ª lingua o 94%

Curso 19/20: a porcentaxe de aprobados en **1ª lingua** é do **100%** e en **2ª lingua** o **100 %** .

Curso 20/21: a porcentaxe de aprobados en 2ª lingua é do 92%. Non hai grupo en 1ª lingua.





Curso 21/22: Non hai alumnos en 1ª lingua , en 2ª lingua a porcentaxe de aprobados é do 100%

Curso 22/23: Non hai alumnos en 1ª lingua , en 2ª lingua a porcentaxe de aprobados é do **96%**

2º de bacharelato

Curso 18/19: A porcentaxe de aprobados en **1ª lingua** é do **100%** e en **2ª lingua** é do **100%**.

Curso 19/20: a porcentaxe de aprobados é do **100%** en **2ª lingua**

Curso 20/21: a porcentaxe de aprobados é do **100%** tanto no grupo de **1ª** como de **2ª lingua**

Curso 21/22: a porcentaxe é do **100%** de aprobados tanto en LE como en 2LE

Curso 22/23: a porcentaxe é do **100%** de aprobados tanto no curso como na EVAU.

Estes resultados son similares aos acadados nos cursos anteriores nalgúns curso e nos cursos inferiores lixeiramente peores. O aumento do número de alumnos por curso e non ter a posibilidade de desdobramentos nin clases de conversa nos cursos inferiores incide negativamente no rendimento do alumnado. A alumno participa de maneira menos, os problemas de disciplina aumentan e o profesorado non poder dar unha resposta tan personalizada e o apoio necesario a aqueles alumnos en grupos onde o número é maior , cremos que esta é unha das razóns para que empeoren os resultados académicos. Outra razón podería ser que percibimos que o alumnado ten cada vez menos capacidade de concentración e de realización de tarefas que requiran a reflexión persoal. Se cadra o uso do ordenador na aula fai que se despisten cando deberían estar traballando.

O nivel académico do alumnado en xeral é excelente en 3º ESO FR1 e FR2, 4º da ESO FR1 E Fr2, 1º de bacharelato FR2 e 2º de bacharelato FR2 onde hai practicamente o 100% de aprobados. No resto dos niveis os resultados son bastante similares ou lixeiramente mellores.

Contrastamos estes datos entre o curso actual e o pasado pero cremos por tratarse de alumnos diferentes sería mais proveitoso, aínda que moi difícil de levar a cabo (xa que os grupos non son sempre o mesmos en toda a etapa educativa, salvo e FR1) facelo **na evolución do mesmo grupo por curso** xa que neste caso compararíamos a evolución dos mesmos alumnos e non os resultados dun grupo con outro co que non ten nada que ver.

A análise feita no departamento é que os resultados son similares aos de outro anos ou incluso melloran cremos que en parte polo **cambio nas dinámicas de traballo** e por estar menos alumnos por aula nalgúns casos. O departamento de francés en continua formación intentou corrixir dinámicas que non funcionan e incluír unha nova metodoloxía TPRS-CI baseada na adquisición de linguas a través do input comprensible. Cremos que tivo moi boa acollida por parte do alumnado.





Seguimos botando de menos clases de **conversa con aqueles grupos máis numerosos xa que estas clases** melloraban de maneira significativa o rendemento e a adquisición oral da lingua estranxeira por poder dar unha **atención máis personalizada** aos alumnos. Este curso contamos coa presenza dun asistente de conversa pero so poido participar nos cursos altos e no CUALE xa que tiña 8 horas no noso centro. O aumento nas rateos non fai senón empeorar a calidade nun ensino dinámico e baseado nas producións dos alumnos como é o ensino do Francés. Tamén compre sinalar que nalgún nivel, e nomeadamente, nos cursos 1º da ESO e nalgún grupo de 2º da ESO notouse unha falta de estudo por parte do alumnado que segue sen hábito de estudo e capacidade de traballo. En 3º da ESO pese ao número de alumnos os resultados foron excelentes e as dinámicas de traballo moi boas. Os alumnos deste nivel participaron no intercambio virtual EDUEXCHANGES e algúns, aqueles que participaban no programa CUALE, tiveron a oportunidade de facer un intercambio presencial con alumnos franceses.

En xeral os alumnos de **4º da ESO** e de **Bacharelato** acadan uns resultados moi satisfactorios debido ao carácter optativo (fundamentalmente práctico) da materia e a súa boa disposición cara a aprendizaxe dunha 2ª lingua estranxeira.

O resultados dos alumnos de 2º de Bacharelato Fr2 son tamén satisfactorias. O departamento considera que as probas de 2ª lingua estranxeira, non son, no plantexamento de certas preguntas, as máis acordes á materia por ter unha dificultade similar ou as veces algo maior as probas de FR1. Detectamos diferenzas de nivel, tamén, con probas de outras linguas como inglés ou portugués, diferenzas que prexudican ao noso alumnado xa que as probas de francés teñen un grao de dificultade maior aínda así os resultados na AVAU foron moi satisfactorios en FR2 cun 100% de aprobados e unha media de 8.

No relativo as probas de **DEL F**, a convocatoria 2022-2023 celebrouse no mes de abril como viña sendo habitual. O resultados foron moi satisfactorios pois houbo un 100% de aprobados B1 e do 92% no nivel A2.. Destacamos a forte motivación do alumnado por continuar mellorando o seu nivel lingüístico, pois fai un esforzo ao participar no programa CUALE en horario de tarde. Dito esforzo recibiu o premio, xa que os alumnos do nivel A2 foron os seleccionados para participar no programa de intercambio de alumnos Galimiens cun centro francés.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES E PENDENTES No presente curso académico non houbo ningunha adaptación curricular nas materias impartidas por este departamento, pero si houbo alumnos que tiñan a materia pendente: Francés 2ª lingua de 2º da ESO (1 alumno que aproba en convocatoria ordinaria), Francés 2ª lingua de 3º da ESO (2 alumnos que aproban en convocatoria ordinaria) e Francés 2ª lingua de 1º de bacharelato (1 alumna que aproba en convocatoria ordinaria)





Propostas para a revisión de:

1. A programación didáctica para o curso seguinte.

Para o vindeiro curso seguiremos revisando, os puntos seguintes tal e como fora proposto no plan de mellora:

- Adaptación da metodoloxía ás necesidades e demandas da realidade do noso alumnado.
- Revisión dos procedementos e instrumentos de avaliación e de cualificación. Revisión das rúbricas para a avaliación das destrezas comunicativas.
- Elaboración dunha ficha para a análise periódica do cumprimento da programación, onde se recollan tamén os resultados por avaliación .
- Elaboración dun plan anual de funcionamento do departamento.
- Inclusión de probas externas ao centro e que poidan servir como exemplo para testar o nivel dos nosos alumnos (DELF, EOI...)
- Optimización do uso do libros de texto vixentes para o uso no programa CUALE e a preparación ao DELF .
- As accións de contribución do Departamento ao plan de convivencia. Continuidade do clube de lectura de BD en francés como contribución ao proxecto lector.
- A integración total das **TIC** e E-dixgal na práctica docente que utilizamos en 1ª lingua. Seguiremos avaliando a inclusión de cambios metodolóxicos pola continuación no noso centro no Plan E-Dixgal incorporando o libro dixital da editorial Santillana.
- Modificación dos **criterios de cualificación** no tocante a realización ou non de determinadas probas imprescindibles para a consecución dos mínimos (por exemplo penalización por non facer que de non facer algunha das probas avaliáveis como é a expresión oral)

2. A concreción curricular.

Cremos que no noso centro, xa que non hai nada ao respecto de nivel máis xeral, se debería repensar o **perfil competencial do alumnado por niveis** para poder **avaliar por competencias** dunha maneira máis rigorosa, cremos que hai cousas que se poderían mellorar. Sería unha forma de dar cohesión ao que facemos e de reflexionar dende todos os departamentos sobre as competencias fundamentais.





Dende o departamento seguiremos adecuando os contidos necesarios para adquirir destrezas así como a metodoloxía empregada para axudar aos nosos alumnos a ter unha base lingüística forte para seren solventes comunicativamente.

3. Funcionamento do departamento.

Cúmprese a lexislación vixente cunha reunión obrigatoria mensual do departamento. Normalmente reunímonos unha vez ben á quincena ben ao mes os venres ás 12h. Este ano por contar coa presenza dun asistente de conversa tamén houbo comunicación por correo electrónico e outros medios de mensaxería para poder coordinarnos co asistente. Redactouse de forma mensual unha acta que recollía os temas tratados, os acordos, seguimento da programación e información do tratado na CCP ao longo do mes. O funcionamento do noso departamento é bo e o bo entendemento entre os seus membros é a tónica xeral.

4. Composición do mesmo.

O departamento de Francés está composto por dúas profesoras con destino definitivo no centro, unha terceira con destino provisional e con horario de lingua española e afín francés

M^a Ángeles Rúa Opazo: Xefa de Departamento

Josefa Delfina Doce Caaveiro

Houcine El Gourari (Asistente de conversa dende o 17 de outubro ata o 15 de abril)

5. Temas máis importantes tratados nas reunións.

- 1.- Seguimento da programación. Adaptación dos contidos do curso ao noso alumnado
Recuperación de contidos non tratados no curso pasado
- 2.- Criterios a seguir polo departamento cos alumnos que teñen a materia pendente. Preparación das probas de pendentes para Xaneiro e Maio.
- 3.- Valoración dos materiais que proporá o departamento en colaboración co plan lector do centro mediante a mochila viaxeira e o clube de lectura de B.D..
- 4.- Preparación de exercicios de reforzo e repaso para os alumnos pendentes.
- 5.- Seguimento dos programas en cada grupo e adaptación dos obxectivos a acadar ó grupo segundo as características de cada un.
- 6.- Preparación consensuada das actividades, propostas didácticas e as probas obxectivas adecuadas a cada nivel por parte dos profesores do mesmo.
- 7.- Valoración da continuidade dos libros de texto e os seus exercicios de acordo á lexislación vixente.
- 8.- Preparación de actividades TIC para todos alumnos por contar co programa E-dixgal ou aula virtual segundo o nivel.





9.-Plan de mellora do departamento.

10.-Análise dos resultados académicos por trimestres acadados en cada nivel e grupo en relación coa programación do departamento.

11.- Preparación e avaliación da excursión a París cos alumnos de 1º de bacharelato.

12.- Preparación e coordinación para as clases de reforzo para os alumnos que se presentaron ao DELF A2, B1.

13.- Reacondicionamento da aula de Francés e colocación de cartelería de apoio á expresión e comprensión oral.

14.- Situación dos grupos de Francés para o desenvolvemento do vindeiro curso.Análise da oferta da materia segundo proposta do equipo directivo en CCP. Realización dun informe sobre a pertinencia da continuidade da materia no sobre de matrícula de todos os niveis educativos.

15.- Programa Galimiens.

16.- Programa Eduexchanges.

17.- Cambios na avaliación LOMLOE para o curso 22/23.

18.- Coordinación didáctica co asistente de conversa .

6. Informe de actividades complementarias e extraescolares.

Este ano as actividades destacadas do departamento foron:

-Excursión a París do 14 ao 18 de abril onde ademáis do interese lingüístico aproveitamos para incidir naqueles aspectos culturais e de civilización principais da capital francesa. O balance foi moi positivo pola cantidade de lugares de niterese que poidemos visitar así como polo comportamento impecable dos alumnos.

-Intercambio presencia cun instituto de Hauts-de France no marco do programa Galimiens do 3 ao 12 de xuño. Intercambio presencial que culminou na visita dos nosos estudantes ao centro de Montalembert despois de moitas comunicacións por correos electrónicos e redes sociais. En setembro agardamos a visita dos estudantes franceses ao noso centro.

-Intercambio virtual durante a meirande parte do curso no marco do programa Eduexchanges cun centro próximo a cidade de Orléans. Esta actividade serviunos para intercambiar correspondencia persoal entre alumnos así como presentar os 2 institutos e ver como é o sistema educativo en cada país. A comunicación non foi todo o fluida que se pensou nun primeiro momento por diversos factores: enfermidade da profesora francesa,nula coincidencia nos nosos horarios para facer videoconferencias...

7. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.



O departamento contribúe ao fomento da lectura xa que nosa programación están incluído libros de lectura voluntarios para a ESO e o Bacharelato. Tamén se recomentan outro tipo de lecturas como as Bandas deseñada, libros, pequenos contos ou revistas... e boa parte das clases xiran en torno a comprensión lectora sobre textos do manual ou de outras fontes sobre temas de actualidade que podan xurdir. Tamén se facilitan artigos de prensa , revistas, ou textos diversos relacionados coa actualidade que os poidan motivar e interesar pola cultura francófona. O que si segue en marcha é o **CLUBE DE LECTURA b.d. EN FRANCÉS** con moi boa acollida por parte do noso alumnado sobre todo de 2º e 3º da ESO.




A proposta inicial foi que os alumnos se familiarizaran coa lectura en lingua estranxeira a partir de bandas deseñadas con niveis de lingua diversos. Cada alumno elixiu os títulos que lles ían apetecendo dentro dos que había na biblioteca. Os títulos elixidos polos alumnos ao longo do curso foron: "Astérix, le Gaulois", « Les carnets de Cérisse », « Corto Maltese », « Mortelle Adèle », « Culottées », « Lucky Lucke », « Les Kronokids », « Titeuf, le guide du zizi sexuel », Bille et Boule », « Japorama » « My hero Academia ».



Como actividade final pedíuselle ao alumnado que fixeran unas etiquetas a modo de reseña para colgalas dos libros lidos e así chamar a atención e aconsellar ditas bandas deseñadas aos seus potenciais e futuros lectores.

Respecto ás **TIC** é frecuente o uso do ordenador para búsquedas de información, redacción de traballos e solución de problemas (diccionarios on line, páxinas con exercicios de gramática, léxico, vídeos musicais, curtametraxes, documentais) pero este ano o seu uso é imprescindible. . En 1º e 2º da eso os alumnos xa extán afeitos a traballar con E-dixgal polo que a súa competencia dixital mellora cada día. Este ano en 3º e 4º de ESO e bacharelato utilizouse de maneira habitual a aula virtual para facer un seguimento do alumnado. Dicar que este entorno dixital non é moi ben acollido polo alumnado, cremos por non estar aínda afeitos ao seu uso. O departamento utilizou tanto as ferramentas facilitadas pola Consellería como E-dixgal, aulas virtuais e Webex así como outras ferramentas ou aplicacións para realizar cuestionarios en liña. O departamento continuará a súa formación en TIC para mellorar e dar solucións dende a escola aos novos problemas no ensino .Cremos tamén moi importante a formación do alumnado, para que sexa competente dixitalmente.




Balance E-dixgal 1ra lingua Francés

En liñas xerais o balance do uso do programa Edixgal en Francés primeira lingua en 3ºESO non é moi satisfactorio. Os materiais non sempre son os adecuados por simples e pouco atractivos ao nivel e a profesora tivo que elaborar os seus propios materiais para dar resposta tamén as demandas do alumnado. Na nosa opinión e segundo esta experiencia, é imprescindible non limitarse ao contido gramatical dos materiais Edixgal, e saber discernir cando é necesario usar ou non o ordenador, para controlar que os alumnos fagan os exercicios propostos seguindo a explicación previa e a lóxica gramatical ou léxica e non de xeito irreflexivo e automático. Por outra banda, parécenos ineludible tamén que o alumno copie na libreta "física" os contidos gramaticais, o vocabulario ou as estruturas máis relevantes, coa fin de adquirir mellor ditos contidos.

Aula de Francés


A área de Francés contribuíu a acadar todas as **competencias clave**. En primeiro lugar a adquisición



en **competencia comunicativa**, dado que todo o que se fixo na área xirou entorno a esta competencia, nas súas variantes de oral e escrita. Neste curso seguimos implementando a metodoloxía baseada no TPRS-CI e para a mellora das competencias comunicativas nun contexto real, o da aula. Para isto dotamos a clase de cartelería para facilitar ao alumnado a

expresión na lingua estranxeira.

De igual modo contribuíu esta metodoloxía ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, xa que acrecentou a capacidade lingüística en xeral, relacionada coa representación da realidade, construción de coñecementos, hipóteses e opinións. A nosa materia facilitou o desenrolo da **competencia social e cidadá** xa que foi o vehículo de transmisión cultural e favoreceu o respecto e interese pola comunicación con falantes doutras comunidades e nacións. Na nosa área expresar as propias ideas pero respectando as dos demais, a importancia de escoitar ao outro, directamente en relación con dita competencia. En canto a **competencia dixital**, esta vese reforzada na nosa área, tal e coma dixemos anteriormente grazas tamén a E-dixgal e outras plataformas. O noso currículo incluíu claramente o achegamento a manifestación culturais e sociais propias da lingua e países onde se fala facendo que a competencia artística e cultural sexa reforzada.



8. Libros de texto, inclusive EDIXGAL.

Os libros de texto empregados foron nos cursos pares da ESO os do método PARACHUTE para os cursos impares da eso o método Transit. En 1º de bacharelato utilizouse o caderno de exercicios do método Les Blogueurs 5. En todos os cursos da ESO utilizáronse diversos materiais elaborados polo departamento. No grupo 3º da ESO utilizáronse materiais propios que se colgaban en E-dixgal prescindindo dos materiais que fornece a plataforma por non enconralos interesantes. En



Bacharelato prescindíuse de libro de texto pero utilizouse caderno de exercicios do método Les Blogueurs 5, utilizando outro tipo de materiais elaborados polo departamento ou sacados doutras fontes. O departamento estimou oportuno prescindir dos libros en favor dos "Cahier d'Exercices" por contar con libro en dixital fornecido pola editorial e tamén moito material dabondo para a consecución dos obxectivos lingüísticos. O profesorado preparou e facilitou aos alumnos todo aquel material complementario que mellor se adaptase as súas necesidades reais que este ano foron moitas polo reaxuste feito na programación. A plataforma Edixgal foi utilizada polo noso departamento como unha aula virtual onde se colgaban todos os documentos ou enlaces necesarios para mellorar as diferentes destrezas lingüísticas e culturais.

9. PROGRAMA CUALE (curso 22/23)

A1/ A2

Segundo a Orde de 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia; este centro IES A XUNQUEIRA II de Pontevedra presenta a súa memoria cos seguintes datos.

Este curso 2022/2023 é a quinta vez que se presenta este centro a este programa e ó principio tivemos unha solicitude de 12 persoas interesadas, e estes 12 alumnos remataron o curso. Este ano non se deron abandonos neste programa, cousa que outros anos si tivemos por mor ás actividades extraescolares do alumnado: deporte, academia, etc.

O alumnado en xeral asistiu a clase con moita regularidade salvo se se atoparon enfermos, pero hai que resaltar que a asistencia foi de un 98%, coa cal o departamento de francés así como a coordinadora do programa están moi satisfeitos.

En xeral a asistencia ás clases que tiñan lugar pola tarde, como esixido, fora do horario escolar, foi moi boa, en total tivemos unha asistencia as 116 horas de clase impartidas, descontado as vacacións de Nadal, Entroido, Semana Santa e outros días festivos na Comunidade.

As clases tiveron lugar os martes de 15:00 horas ata as 16:30 horas e os xoves de 16:00 horas ata as 17:30 horas. Horario que se escolleu porque o alumnado queda a comer na cafetería do centro e así xa non se ten que desprazar ata as súas casas, así garantimos unha mellor asistencia e mellor adaptación o programa cara ó alumnado.

O nivel de partida que presentaba o alumnado era medio, tendo en conta que estaban comezando 3º de ESO e que durante o período de vacacións estivais o alumnado non soe repasar nin poñerse o día para o comezo do curso escolar, sen contar que as catro destrezas avaliadas, non se teñen en conta con tanto rigor na ESO.

A valoración pódese dicir que é moi positiva xa que de entre os 12 alumnos que remataron o curso, superan todos os que se presentaron, as catro competencias esixidas coas notas seguintes:





Apellido	Nome	C. O	C.E	P.E.	P.O	Nota Media/10 0
Abollado Bugallo	Lucía	22	25	17	25	89
Barrio López	Celia	22	23,5	13	20,5	79
Buceta Paz	Santiag o	15	20	14	17	66
Durán Moreira	Cintia	11	16,5	7	14	48,5
García González	Yago	17	20,5	12	15,5	65
García Esperón	Lorena	21	23,5	13	23,5	81
Gómez Iglesias	Noa	11	18	13	15,5	57,5
Jerez Gestoso	Jorge	18	23,5	12	23,5	77
Lorenzo Portas	Julia	14	22,5	13	19	68,5
Moreno Riobó	Óscar	15	23,5	13	14	65,5
Senra Lusquiños	Aroa (Akko)	15	19	11	15,5	60,5
Tubío Quintáns	Claudia	18	21,5	12	20	71,5

Nomenclatura: **C.O**: Comprensión Oral; **C.E**: Comprensión Escrita; **P.E**: Producción Escrita; **P.O**: Producción Oral.

Podemos afirmar que os resultados acadados foron moi bos, aínda que se poden mellorar.

Con respecto as notas na aula de referencia, podemos dicir que melloraron no seu rendemento académico. O feito de ter unha comprensión oral en tódalas clases, de redaccións e de produción oral, axudoulles no rendemento en xeral.





Tamén hai que sinalar que de estes 12 alumnos, presentáronse os 12 ó DELF SCOLAIRE A2, da Alianza Francesa.

Os resultados dos exames da Alianza Francesa, foron excelentes: 91,6% de aprobados.

B1

En canto o grupo de alumnos do B1 que ofertou este centro este curso escolar, podemos dicir que dende un principio tivo moito éxito; de 15 alumnos que se matricularon son de 1º de Bacharelato; houbo unha asistencia moi regular durante todo ao curso xa que os alumnos necesitaban as clases.

Este curso só houbo 2 alumnos que deixaron de asistir; este abandono foi por mor á continuación coas clases normais de pola mañá ou por mor a outras actividades.

Para acadar estes resultados o alumnado ten ser capaz de comprender os puntos principais de textos claros e simples e en lingua estándar se tratan sobre cuestións que lles son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de ocio.

Ten que saber desenvolverse na maior parte das situacións que poden suxire durante unha viaxe por zoas onde se usa a lingua. É capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal. Pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

Remataron o curso 13 alumnos e acadaron os resultados seguintes: hai un 100% de aprobados

Apellido	Nome	C.O	C.E	P.E.	P.O	Nota Media/100
Abollado Bugallo	José	18	22,5	13	12,5	66
Campos Gómez	Iris	13	21,5	7	20,5	62
Corredoira Castiñeira	Manuel	18,5	21,5	11	14	65
Davila Moreira	Martín	17	21	7	11	56
Gómez Bugallo	Irene	15	20,5	15	11	61,5
Mayo Gago	Ánxela	22	22,5	15	21,5	81
Otero Torrado	Lucas	20,5	24	15	21,5	73,5
Pereira dos Santos	Gabriel	19	24	13	15,5	71,5





Solla Carlucci	Caterina	25	25	17	21,5	88,5
Suárez López	Cristina	14,5	20,5	17	10,5	54,5
Taboada Lois	Antonio	20	23	15	20,5	78,5
Veiras Nogueira	Manuel	9	22,5	9	9	51,5
Veiras Nogueira	Pablo	12	21,5	9	7,5	50

Fdo: Josefa Delfina Doce Caaveiro

1. Con esta memoria non xuntamos copia das probas realizadas, por orde da Dirección do instituto visto a gran cantidade de folios, agora ben, as probas quedan no Departamento de francés á disposición da Consellería e de calquera outro interesado para a súa consulta.

Con esta memoria non xuntamos copia das probas realizadas, por orde da Dirección do instituto visto a gran cantidade de folios, agora ben, as probas quedan no Departamento de francés á disposición da Consellería e de calquera outro interesado para a súa consulta.

